
OFERTA DE EMPREGO EN EAPN GALICIA.

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA

Titulado/a en Socioloxía ou Antropoloxía

Contratación financiada pola Subvención para o fomento do emprego a través dos [programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro.](#)

Descrición do posto

En dependencia da Dirección da entidade realizará as seguintes funcións de reforzo da participación, comunicación, incidencia e investigación no eido da inclusión social, sociolaboral ou sociorresidencial, traballo en rede e formación de persoas en pobreza, exclusión social e discapacidade ou de entidades do Terceiro Sector Social.

- Informar e formar ao persoal das entidades membro sobre normativa de interese, facilitando a xeración de propostas que melloren a actuación da administración pública e das organizacións do Terceiro Sector.
- Elaboración de documentos de posicionamento e incidencia política e social que reflictan as necesidades e propostas identificadas por EAPN Galicia e as súas entidades membro.
- Investigación e difusión de ferramentas que impliquen o fortalecemento e mellora de resultados da rede e das súas entidades membro.
- Fomento da colaboración con institucións públicas ou privadas que axuden a acadar os fins estatutarios mediante o traballo en rede.
- Colaboración na dinamización dos Grupos de Traballo estables e ad hoc de EAPN Galicia.
- Coorganización das actividades previstas a nivel formativo e de sensibilización.
- Colaborar na elaboración de memorias técnicas anuais e outros documentos de balance e rendición de contas sobre a actividade da entidade.

Requisitos

- Licenciatura ou Grao en Socioloxía.
- Licenciatura ou Grao en Antropoloxía.
- Coñecemento de metodoloxías de investigación no ámbito das ciencias sociais.
- Coñecemento de fontes estatísticas. Valorarase coñecementos de ferramentas de análise de datos estatísticos (SPSS).
- Valorarase formación engadida en materia xurídica, incidencia política ou calquera outra relacionada coas políticas sociais, socio sanitaria, acceso a vivenda ou ao emprego.
- Coñecemento do Terceiro Sector de Acción Social e recursos sociais existentes.
- Coñecementos e manexo elevado de ofimática (Word e Excel especialmente) e de redes sociais /social media.

- Coñecemento dos idiomas galego e castelán falados e escritos. Valorarase o coñecemento de inglés.
- Valorarase experiencia previa de voluntariado ou activismo en calquera eido, en especial no social.

Competencias

- Alta capacidade de organización, resiliencia e resposta en prazos axustados.
- Flexibilidade, empatía e capacidade de adaptación ás necesidades da base social.
- Resolución de problemas, dinamismo e pro actividade.
- Orientación para o traballo en equipo, por obxectivos e resultados.
- Boas habilidades de comunicación oral e escrita.
- Identificación cos valores e misión da EAPN Galicia.

Datos básicos da contratación

- Contrato temporal de 12 meses de duración, a xornada parcial (75%).
- Lugar de traballo: Santiago de Compostela.
- Data límite de contratación: 24 de novembro de 2025.
- Convenio Acción e Intervención Social. Grupo 2.

Concurrencia

Envío ao enderezo electrónico info@eapn-galicia.com, ata o 10 de novembro de 2025 ás 15.00, co asunto **"Selección Coopera EAPN + NOME E APELIDOS"**.

Deberase achegar:

- **Currículo Vitae actualizado**
- **Carta de motivación**
- **3 propostas xustificadas** de necesidades de investigación aplicada que permitan mellorar as políticas de loita contra a pobreza, exclusión social e/ou fomento da igualdade de xénero en Galicia (máximo 1 páxina).

Importante. Requisitos persoas demandantes

As persoas que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención **deberán cumprir os seguintes requisitos no momento da selección e da contratación**:

1. Estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego.
2. Non ter sido contratadas por un período igual ou superior a seis meses, con cargo ás axudas de programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, referentes aos anos 2022 (procedemento TR352A), 2023 (procedemento TR352A) e 2024 (procedemento TR352A).